

## **Os socialistas de Ribadeo anuncian a creación dunha Comisión Municipal de Memoria Histórica**

Así o anunciou o candidato, quen tamén adiantou que este sábado, na Casa Sindical, celebrarán unha charla sobre esta materia

Para elo, contarán coa presenza do investigador e escritor Santiago Macías, que dedicou boa parte da súa vida a rescatar do esquecemento aos personaxes da Guerra Civil e da ditadura franquista

**RIBADEO, 30 DE ABRIL DE 2015.-** Os socialistas de Ribadeo organizan unha charla sobre políticas de memoria histórica a cargo do investigador e escritor Santiago Macías. Será este sábado, día 2 de maio, ás 12:30 horas no salón de actos da Casa Sindical. Anunciouno hoxe o candidato do PSdeG-PSOE á alcaldía ribadense, Roberto Ramos Piñeiro, quen tamén avanzou que no seu proxecto de goberno inclúe a creación dunha Comisión Municipal de Memoria Histórica.

“Organizamos unha charla no salón de actos da Casa Sindical para o próximo día 2 de maio ás 12:30 horas. Será impartida por Santiago Macías e invitamos a asistir a todos os veciños e veciñas. O obxectivo desta charla é coñecer de primeira man a realidade do traballo en pro da Lei de Memoria Histórica, fundamentado en dignificar o noso pasado, pedir xustiza aos que a mereceron e non a tiveron e afondar na nosa democracia”, explicou Roberto Ramos.

### **Un ponente de referencia**

O alcaldable socialista en Ribadeo engadiu que Santiago Macías “dedicou boa parte da súa vida a rescatar do esquecemento aos personaxes da Guerra Civil e da ditadura franquista. Participou na fundación da Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica, da que foi vicepresidente durante máis dunha década. Na súa faceta de escritor e investigador na primavera de 2003 publicou o libro *Las fosas de Franco* e en 2005, *El monte o la muerte*. En setembro de 2008 veu a luz o seu terceiro traballo, unha biografía dun dos principais líderes da resistencia antifranquista: Manuel Girón Bazán. E xa no 2011 publicou o seu traballo máis recente, colaborando no libro *Juan García Arias, el último alcalde republicano de Ponferrada*. Macías tamén nos falará da súa propia experiencia como concelleiro nun equipo de goberno, do cal formou parte”.

Roberto Ramos rematou avanzando que “no proxecto de goberno que presentamos os socialistas de Ribadeo incluímos a creación dunha Comisión Municipal de Memoria Histórica, formada por membros da Corporación e representantes de entidades, que inclúa entre os seus fins a localización e identificación de vítimas da Guerra Civil e da ditadura para asegurar a aplicación da Lei de Memoria Histórica”.